



BASES DO CONCURSO

“BEGONTE QUEDA NA CASA”

PRIMEIRA

A Concellería de Cultura, Deportes e Educación do Concello de Begonte, organiza o Concurso da iniciativa “**Begonte queda na casa**”, coa finalidade de fomentar un aproveitamento lúdico e cultural das limitacións de mobilidade decretadas para frear a expansión do Covid-19, así como estimular a produción artística d@s máis pequen@s da casa, ó mesmo tempo que se potencia a participación da cidadanía tanto do núcleo urbano como do rural dunha forma activa e divertida.

SEGUNDA. - Participantes

Poderán presentarse ó concurso todas as persoas menores de 14 anos que así o desexen e queiran enviar unha mensaxe de apoio, sacar un sorriso nunha situación tan delicada como a presente ou mostrarse máis próximos coa comunidade pese ó confinamento, xunto coas súas familias.

TERCEIRA.- Modalidades

Existen dúas modalidades para inscribirse no concurso:

- ✓ AUDIOVISUAL, cun vídeo que conste dunha representación teatral, cine, humor, baile... sobre a temática “Begonte queda na casa” e cunha duración de entre un e catro minutos.
- ✓ NARRATIVA/CÓMIC onde os nenos e nenas deberán facer referencia á actual situación dun xeito divertido e positivo mediante a redacción dun conto, historia, cómic, etc.





A participación nunha das modalidades non é excluín-te, de xeito que se pode participar en ambas propostas.

CUARTA.- Categorías

Para a modalidade AUDIOVISUAL, establécese unha soa categoría, na que poderán participar nenos, nenas, pais, nais e resto de persoas do núcleo familiar sen importar a idade. Para optar ó premio é imprescindible que os nenos/nenas participen de forma activa no vídeo.

Na categoría NARRATIVA/CÓMIC establécense dúas categorías:

- ✓ Ata os 9 anos: Nenos e nenas nados do 2011 en adiante.
- ✓ De 10 a 14 anos: Nenos e nenas nados entre o 2006 e 2010 ambos incluídos.

QUINTA.- . Mecánica do concurso e prazo

Os concursantes, deberán enviar a súa proposta a través do correo electrónico cultura@concellodebegonte.es xunto co modelo de autorización de dereitos de imaxe incluído nestas bases como **Anexo I** perfectamente cuberto e asinado. Dadas as condicións especiais nas que nos atopamos, a entrega só poderá efectuarse de maneira telemática.

Unha vez recibida toda a documentación, en menos de 24 horas, será colgado no Facebook do Concello de Begonte (tamén se fará referencia en Twitter e Instagram pero o vídeo soamente será colgado nesta aplicación por motivos de restrición da duración). O vídeo ou narración que máis “Me gusta” reciba entre o día seguinte ó da publicación destas bases **e o próximo 11 de abril**, data prevista para a finalización do confinamento, **ás 23:59 h**, será o/a gañador/a.

Comunicaranse as persoas gañadoras o luns día 13 de abril nas redes sociais do Concello de Begonte así como na páxina web www.concellodebegonte.es.





SEXTA.- Requisitos

Establécese unha única temática para as modalidades mencionadas: “Begonte queda na casa”, onde se fará referencia á importancia de que tod@s quedemos na casa durante o período que se prolongue o estado de alarma decretado polo goberno, podendo ser entre outros: teatro, música, humor, baile...

Os formatos compatibles para a entrega de vídeo serán mp4, mov e wma e a súa duración será entre un e catro minutos.

En canto á variante da narrativa, considerarase apto calquera formato que permita narrar unha historia, ben sexa utilizando só texto ou en versión cómic.

A extensión das obras, incluíndo o título, será dun mínimo dunha cara (contando posibles ilustracións) e non existirá limite máximo.

Non se aceptarán materiais que poidan considerarse ofensivos ou non cumpran coas características obrigatorias mencionadas no presente documento.

SÉTIMA.- Valoración

Estableceráse un gañador, cuxa obra será valorada polo xurado composto por persoal do Concello de Begonte donde se premiarán aquelas propostas que presenten maior creatividade e orixinalidade, complexidade na execución, impliquen a todos os membros do núcleo familiar e/ou presenten unha posta de escena atractiva/conteñan unha historia motivadora.

Ademáis, haberá outro premio para a proposta de cada modalidade que maior número de “Me gusta” obteña na páxina de Facebook do Concello de Begonte ó final do prazo establecido.

En ningún caso poderá gañar os dous premios da mesma categoría a mesma proposta.





OITAVA- Premios

Para este concurso establécense os seguintes premios:

	Audiovisual	Narrativa/Cómic (Ata 9 anos)	Narrativa/Cómic (De 10 a 14 anos)
1º PREMIO	100€	60€	60€
PREMIO RRSS	80€	40€	40€
ACCÉSIT	Agasallo	Agasallo	Agasallo

Do mesmo xeito que se poden conceder accésit, poderá declararse deserto algún dos premios.

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Begonte a través dunha transferencia bancaria.

Para poder realizar a transferencia do premio o solicitante, representante legal do menor, deberá presentar antes do venres 24 de abril de 2020, se as circunstancias o permiten, ben sexa no rexistro das oficinas do Concello ou pola sede electrónica (Instancia Xeral), a seguinte documentación:

- copia do DNI ou CIF, no seu caso.
- Certificación do número da conta.

A resolución de concesión dos premios realizarase mediante Decreto de Alcaldía.

Os premios estarán suxeitos á retención do IRPF de acordo coa lexislación vixente.

NOVENA.- Entrega de premios

O acto de entrega de premios levarase a cabo o primeiro sábado que a situación excepcional que estamos atravesando o permita, unha vez reestablecida a actividade normal, ás 17.30 h. no Centro Sociocultural de Begonte (antiga Cámara





Agraria) onde se visualizarán os traballos gañadores e se fará entrega dos vales polo importe correspondente e dos agasallos, de ser o caso.

DÉCIMA- Autorización do dereito de uso da imaxe e datos

En cumprimento ó disposto pola Lei orgánica 03/2018 de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Begonte informa de que os datos persoais que se solicitan nestas bases serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Begonte, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos.

Tódolos participantes polo feito de participar, autorizan ó Concello de Begonte a realizar e utilizar as fotografías e vídeos enviados para o Concurso e facer uso de ditas imaxes de xeito respectuoso e responsable nas súas respectivas tarefas de información e difusión.

Se o desexa, pode acceder ós datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello.

UNDÉCIMA.- Aceptación das bases

Os participantes, polo mero feito de participar no concurso, aceptan as presentes bases.





ANEXO I				Nº REX:	
INSCRICIÓN CONCURSO "BEGONTE QUEDA NA CASA"					
DATOS DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL DO MENOR					
Apelidos			Nome		DNI
Enderezo				Concello	
Provincia	Código postal	Móbil	Correo electrónico		
DATOS DO MENOR OU MENORES PARTICIPANTES					
Nome e apelidos (Menor 1)					
Data de nacemento				DNI	
Nome e apelidos (Menor 2)					
Data de nacemento				DNI	
INDIQUE A MODALIDADE NA QUE SOLICITA INSCRIBIRSE					
<input type="checkbox"/> AUDIOVISUAL					
Nome da obra: _____					
<input type="checkbox"/> NARRATIVA/CÓMIC					
Nome da obra: _____					
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE COA SINATURA DESTA SOLICITUDE					
<input type="checkbox"/> Declara que leu e acepta as bases do Concurso "Begonte queda na casa".					
<input type="checkbox"/> Autoriza a participar ó/s menor/es no concurso do "Begonte queda na casa".					
<input type="checkbox"/> Declara a veracidade dos datos que figuran neste anexo e autoriza ó Concello de Begonte a solicitar ou verificar os datos que estimen oportunos en relación á solicitude presentada.					
<input type="checkbox"/> Autoriza ó Concello de Begonte a realizar notificacións do Concurso "Begonte queda na casa" a través de SMS, whatsapp e/ou e-mail.					
<input type="checkbox"/> Autoriza a utilizar as fotografías e vídeos, así como as obras aportadas para a participación no concurso e facer uso de dito material de xeito respectuoso e responsable.					
<input type="checkbox"/> Foi informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.					
<input type="checkbox"/> PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables.					
En _____ a _____ de _____ de 20____.					
Sinatura do solicitante					

